



RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Materia	Xeografía e Historia	Nivel	4º ESO
Profesor	PERNAS OROZA, Herminia		

CONTIDOS

1º TRIMESTRE

TEMA 1

A CRISE DO ANTIGO RÉXIME

TEMA 2

REVOLUCIÓN LIBERAIS E NACIONALISMOS

TEMA 3

A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL E OS CAMBIOS SOCIAIS

TEMA 4

ESPAÑA NO SÉCULO XIX

2º TRIMESTRE

TEMA 5

IMPERIALISMO, GUERRA E REVOLUCIÓN

TEMA 6

O MUNDO DE ENTREGUERRAS

TEMA 7

A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

TEMA 8

ESPAÑA: DA CRISE DO 98 Á GUERRA CIVIL

3º TRIMESTRE

TEMA 9

A GUERRA FRÍA

TEMA 10

A DESCOLONIZACIÓN E O TERCEIRO MUNDO

TEMA 11

O MUNDO DESDE 1945 ATA A ACTUALIDADE

TEMA 12

ESPAÑA: DA DITADURA Á DEMOCRACIA

AVALIACIÓN

INSTRUMENTOS

1) PROBAS ESCRITAS

Vanse realizar dúas probas escritas por trimestre relativas á maior parte dos bloques de contidos. Constarán de preguntas de teoría, conceptualización e análise de gráficos, táboas estatísticas, documentos sobre o visto na aula. Para que estas probas ou exames fagan media entre si debe acadarse unha cualificación mínima de 3,5 puntos.

- **Valoración das probas escritas:** 50% da nota total da avaliación.

2) TRABALLO INDIVIDUAL OU DE GRUPO

Trátase de traballos de resumo e síntese; traballos audiovisuais (presentacións, videos, fotografía, etc); mapas conceptuais ou esquemas; traballos de indagación realizados ben de xeito individual ou grupal; comentarios de documentos (textos, imaxes, mapas...); exercicios prácticos escritos; participación oral na aula e en debates.

- **Valoración do traballo individual ou en grupo:** 30% da nota total da avaliación

3) PRESENTACIÓN DO CADERNO

Exercicios e/ou tarefas ben realizadas, boa presentación e orde.

- **Valoración da presentación do caderno:** 10% da nota total da avaliación

4) OBSERVACIÓN DO PROFESOR BASEADAS EN:

Constancia e regularidade no traballo; elaboración das actividades propostas; interese pola materia; resolución das tarefas de forma satisfactoria; esforzo, respecto aos compañeiros e profesorado; cumprimento das normas de aula.

- **Valoración das observacións do profesor:** 10%

Outros aspectos que se terán en conta á hora de cualificar as distintas probas que realice o alumnado:

- Se un alumno non se presenta a un exame, só terá dereito á realización do mesmo cando achegue un documento oficial por escrito que xustifique a devandita ausencia.
- A cualificación na avaliación ordinaria de maio será a media das tres avaliacións parciais. O resultado desta media redondearase segundo a evolución do/a alumno/a durante o curso.
- **O alumnado con necesidades específicas** terá unha adaptación destes instrumentos conforme as súas necesidades. Basicamente esta adaptación consistirá no que se indica a seguir:
 - ✓ Exames escritos con preguntas cerradas, claras e con vocabulario o máis sinxelo posible. Sen embargo, estes exames teñen que ir adaptados ao nivel de estudios que cursa o/a alumno/a.
 - ✓ Deixar máis tempo para os exames e probas escritas, ser flexíbeis na súa duración e mesmo dividilas en dúas sesións.

RECUPERACIÓN

O alumnado que por diversas razóns non asista á clase e perda o dereito á avaliación continua terá que someterse a unha proba final de toda a materia no mes de maio.

Cando un alumno non acade os mínimos esixibles na avaliación, terá a posibilidade de recuperación realizando unha proba escrita sobre os mesmos contidos.

Se a nota media das tres avaliacións non chega ao aprobado, o alumnado terá dereito a unha última convocatoria, a través dunha proba única que se realizará no mes de xuño (convocatoria ordinaria).

O alumnado que non aprobe na devandita convocatoria ordinaria deberá presentarse á avaliación extraordinaria de setembro. Realizarase unha única proba escrita.

MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR

- **Materia: CIENCIAIS SOCIAIS 3º ESO**
- **Profesora responsable: NÉCEGA RODRÍGUEZ, Teresa**
- **Horario: mércores (16:15 – 17:05 h)**

FORMA DE RECUPERAR A MATERIA PENDENTE:

O alumnado que teña pendente a materia de **Ciencias Sociais de 3º ESO** poderá asistir á sesión semanal de Atención a pendentes, no horario que se indicou antes, co obxectivo de consultar todas as dúbihdas relativas a esta materia. Na clase, o alumnado realizará un caderno de actividades.

Criterios e instrumentos de cualificación do alumnado coa materia pendente:

Todos os alumnos coa materia suspensa de cursos anteriores poderán asistir a unha **clase de reforzo** os mércores pola tarde. O caderno de actividades suporá un 40% da nota final. Ademais, haberá dous exames, un en xaneiro e outro en abril, que suporán o 60% da nota. Para os alumnos que non asistan á devandita clase haberá un exame a realizar no mes de maio.

Os alumnos/as que non acadan o aprobado ao longo do curso, terán que volver a realizar unha proba no mes de setembro na avaliación extraordinaria.

MATERIAL PARA TRABALLAR NA AULA

O material, tanto teórico coma práctico, que se vai empregar neste curso está colgado na **aula virtual** do IES Monte Castelo. Para que o alumnado poida acceder ao mesmo ten que entrar na materia correspondente ao nivel de 4º ESO. O manual de referencia para este nivel é *Xeografía e Historia, Saber facer*. Obradoiro Santillana, Serie Descubre, Ed. Santillana.

En calquera momento o profesor poderá achegar outro tipo de material (fotocopias, vídeos, audios, libros de consulta...) que estime oportuno, para reforzar a teoría ou a práctica que se estea traballando nese trimestre.

O alumnado terá que dispoñer sempre dun caderno na aula para tomar nota das posibles aclaracións que realice o profesor sobre a materia e, tamén, para realizar as actividades que se lle indiquen.